



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 813 Semana do 24 ao 30 de decembro de 2018

A SUBIDA DO SMI A 900 EUROS, EN 2019, BENEFICIARÁ A 2,6 MILLÓNS DE TRABALLADORES

En 2020, o SMI debe ser de 1.000 euros ao mes, para achegarnos ao 60% do salario medio que establece a Carta Social Europea

Redacción.- O Goberno ven de aprobar en Consello de Ministros unha subida do Salario Mínimo Interprofesional do 22,3% ata situar o seu valor en 900 euros ao mes, por 14 pagas (12.600 euros anuais). Unha decisión que UGT considera acorde co incremento da súa contía ata 1.000 euros en 2020, achegándose ao 60% do salario medio neto.

As erróneas políticas económicas aplicadas desde 2010, con fortes medidas de austeridade e desvalorización salarial, tiveron como resultado que desde entón os fogares españois teñan perdido máis de 2.000 euros da súa renda (un 7%) e un 26,6% da poboación española estea en risco de pobreza ou exclusión social.

O SMI, que afecta aos traballadores que perciben os salarios máis baixos, sufriu unha importante perda de poder de compra entre 2010 e 2017. Hai que lembrar que durante ese período as subidas nominais do SMI foron imperceptibles (en total 74 euros en oito anos).

Estes resultados son consecuencia de incumplir tanto o procedemento como os criterios para fixar o aumento do salario mínimo,

que quedan sinalados no artigo 27 do Estatuto dos Traballadores.

Incrementar os salarios, especialmente os máis baixos

Por iso, UGT insiste na necesidade de mellorar o poder adquisitivo da poboación que recibe un salario menor e cuxas condicións de vida fóronse deteriorando a pesar da chegada da recuperación económica. É necesario que se incrementen os salarios, xa que o consumo é a base do crecemento económico. Particularmente, é necesario que se produza un incremento significativo na contía do salario dos que menos cobran, de quen máis sufriron a desvalorización salarial.

UGT estima que ao redor de 2,6 millóns de traballadoras e traballadores beneficiaríanse directamente do incremento do SMI a 900 euros en 2019: 1,1 millóns a xornada completa e 1,5 millóns a xornada parcial. Iso supoñería o 15% do total de asalariados.



Á luz do importante papel que xoga o SMI, UGT defende un incremento da súa contía ata 1.000 euros en 2020, achegándose ao 60% do salario medio neto, obxectivo que establece a Carta Social Europea suscrita por España. Unha contía que permitirá recuperar o poder adquisitivo perdido e aproximarse aos salarios mínimos existentes na Unión Europea.

Así mesmo, é preciso negociar a reforma do artigo 27 do Estatuto dos Traballadores para asentar sobre novas bases a determinación anual do SMI, co fin de evitar que se produzan futuras perdas do seu poder adquisitivo.

NOVA CONVOCATORIA DE FORMACIÓN PARA OCUPADOS, TRAS DOUS ANOS DE PARÁLISE

Redacción.- UGT pon en valor a aprobación en Consello de Ministros da convocatoria de subvencións para a formación de ocupados. Esta medida é produto do Diálogo Social e foi aprobada, previamente, no Padroado da Fundación Estatal para a Formación no Emprego para avanzar na cualificación dos traballadores e traballadoras do noso país.

Despois de dous anos de parálises, emprézase a recuperar a formación para o emprego. Tras a publicación da Lei 30/2015 que regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, a única convocatoria aprobada en 2016, para a formación de persoas traballadoras prioritariamente ocupadas, aínda non finalizou e tívose

que prorrogar dado que, a día de hoxe, executouse pouco máis dun 20% da formación prevista e levou ao sector da formación a serias dificultades de subsistencia, á vez que prexudicou a un gran número de traballadores e traballadoras.

Esta convocatoria, que se acaba de aprobar cun orzamento de 350 millóns de euros, incorpora parte dos remanentes da cota de formación profesional, non gastados en anos anteriores, aspecto moi positivo e no que UGT insistiu nas negociacións. Fíxose un gran esforzo por todas as partes, Goberno, administracións, interlocutores económicos e sociais, para negociar unha convocatoria de formación de ámbito estatal, dirixida prioritariamente ás

persoas ocupadas, onde se flexibilicen e axilien os procesos a fin de facilitar a execución da formación ás entidades de formación inscritas e acreditadas que concorren, porque é en réxime de concorrencia competitiva. Por iso, é unha convocatoria moi ben valorada polas asociacións e empresas de formación que van optar á mesma. Outro aspecto positivo desta Resolución é que facilita e garante o desenvolvemento de parte das funcións que a citada Lei outorga aos interlocutores sociais (empresarios e sindicatos) na Gobernanza do Sistema, en relación ao seguimento e a avaliación da formación profesional para o emprego. Incorporáranse ao órgano colexiado, tal e como quedou claro tras as sentenzas xudiciais correspondentes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

2019, DESMONTAR XA OS ASPECTOS MÁIS LESIVOS DA REFORMA LABORAL E DERROGAR OS RECORTES EN PENSÍONS



Redacción.- O IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2018-2020, alcanzado no marco do diálogo social bilateral, entre empresarios e sindicatos, representa unha nova etapa, é un acordo vital para a recuperación salarial, especialmente dos soldos máis baixos, pois establece unha subida xeneralizada para todos os salarios, pero, sobre todo, recolle a reivindicación sindical de establecer 1.000 euros de salario mínimo ao mes en todos os convenios. UGT require dos empresarios unha mellor aplicación e cumprimento dos contidos do AENC.

Este acordo marcou un ano 2018 no que se iniciou un camiño para erradicar as políticas de austeridade e recorte. Un percorrido marcado por dous semestres diferenciados, por mor da moción de censura, presentada polo PSOE e que puxo fin ao mandato do Goberno de Mariano Rajoy.

No primeiro semestre de 2018, e tras o acordo de subida do SMI de decembro de 2017, avanzouse moi pouco no marco do diálogo social, a excepción do acordo sobre empregados públicos 2018-2020, para mellorar salarios, recuperar emprego público e ampliar a negociación colectiva.

No segundo semestre, o novo Goberno socialista, presidido por Pedro Sánchez, grazas aos apoios de 180 deputados fronte a 169 (PP, Cidadáns, Foro e UPN) e unha abstención (Coalición Canaria), emprendeu un camiño ilusionante, pero moi complexo.

Ilusionante porque se mostrou aberto a desfacer políticas de recortes e austeridade, pero complexo dada a situación política actual e a fragilidade parlamentaria que impera. A mesa do Congreso, contro-

► **UGT considera que 2018 iniciou o camiño para a erradicación das políticas de austeridade e recorte, pero tivo un percorrido curto en resultados, dada a situación política actual.**

lada polo PP e Cs, obstaculizou distintas iniciativas de política social (sirva de exemplo, a Iniciativa Lexislativa Popular para unha Prestación de Ingresos Mínimos, promovida polos sindicatos, e que foi vetada 21 veces). Ademais, no Senado a maioría absoluta do PP mostrouse contraria a calquera política que leve o selo socialista, o que está a impedir a presentación duns Orzamentos Xerais do Estado para 2019 máis expansivos e xustos, tal e como reflicte o Plan de Estabilidade, aprobado recentemente polo Congreso dos Deputados.

Desde UGT recoñécese o gran esforzo do novo Goberno para serenar a situación política, un elemento fundamental para a convivencia do conxunto do país e a propia economía.

Así mesmo, hai que sinalar o impulso que se deu ao Diálogo Social e o voluntarismo para establecer políticas que faciliten a redistribución da riqueza, entre elas, inscribíbase a importante subida do SMI, a 900 euros ao mes por 14 pagas, o acordo alcanzado para mellorar a protección social dos autónomos, a nova Convocatoria para relanzar a Formación para o Emprego, o Plan de Choque polo Emprego Novo 2019-2021, a propia subida do soldo dos funcionarios (aínda que este acordo viña de atrás, pois se pechou co anterior Goberno do PP)

ou a revalorización de pensións conforme ao IPC.

Na súa falta está que o Goberno ás veces precipitouse en anunciar medidas, antes de acordar e implementar as políticas adecuadas neste sentido. É o que ocorreu, por exemplo, co anuncio da desaparición do diésel e dos coches de combustión, nun futuro non moi afastado, que suscitou alarma social e afectou de maneira moi importante ao sector da automoción.

Outra secuela do ano 2018, que non se debe pasar por alto, segue sendo a sinistralidade laboral, un problema enquistado que segue crescendo. Rexistráronse case un millón de accidentes ata o terceiro trimestre do ano, preto de 9.500 máis que no mesmo período do ano anterior, e mantense a media de dous mortos ao día polo simple feito de ir traballar. Unha cuestión ineludible que hai que abordar xa e que se interrelaciona coa alta temporalidade e precariedade dos postos de traballo.

Cambiar a normativa laboral xa

É urxente derrogar a reforma laboral, pero mentres hai que cambiar, canto antes, os aspectos máis lesivos da mesma. Son propostas tratadas na mesa de diálogo social, e que están moi avanzadas. Neste sentido, hai que recuperar o subsidio para maiores de 52 anos, restablecer a ultraactividad dos convenios colectivos, recuperar a prevalencia do convenio sectorial sobre o de empresa, limitar a subcontratación (coa obrigatoriedade de que as empresas auxiliares adopten o convenio sectorial ou o da empresa principal) ou o control horario (é di-

Segue na páxina seguinte .../...

cir a obrigatoriedade de rexistrar a xornada laboral para evitar o uso indebido ou fraudulento dos contratos)

Aspectos esenciais que hai que poñer no haber desta lexislatura e que deberían resolverse antes de que finalice o mes de xaneiro.

UGT continuará esixindo en 2019 un contrato de substitución universal, non só para a industria manufactureira, tal e como entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019. É unha cuestión de xustiza social, de igualdade e repercutirá no ben da economía española, facilitando a substitución xeracional no emprego nunhas condicións dignas.

Garantir e blindar o poder adquisitivo dos pensionistas

Así mesmo, o Goberno debe dar cumprimento a outros aspectos fundamentais que facilitarán a redistribución da riqueza. Neste sentido, o sindicato considera, que hai que ir máis aló dunha revalorización das pensións conforme ao IPC e esixe a derogación da reforma de pensións de 2013 do Goberno do PP, que condena aos pen-

► **O sindicato destaca algúns dos logros alcanzados este ano no marco do diálogo social como o IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2018-2010, a importante subida do Salario Mínimo Interprofesional e o acordo para a subida salarial dos empregados públicos.**

sionistas presentes e futuros, a un empobrecimiento continuo e permanente, mediante o Factor de Sustentabilidade. Unha demanda sindical e social, que foi e é defendida non só no marco do diálogo social, senón tamén na rúa, desde que, en setembro de 2017, UGT e CCOO iniciaron as marchas polas pensións dignas.

Máis axenda social e rexeneración democrática

En 2019 hai que seguir avanzando na recuperación das liberdades e os dereitos sociais e laborais, que foron furtados baixo a escusa da crise, promovendo un novo contrato social, desde o diálogo e a negociación. Isto implica continuar loitando contra a precariedade e a inestabilidade no

emprego, combater a pobreza e a desigualdade crecente, buscar, en definitiva, o benestar das persoas, obxectivo prioritario de calquera política económica.

En 2019 hai que enarborar de novo a bandeira da igualdade entre homes e mulleres e a igualdade de trato e oportunidades, para erradicar todo tipo de discriminacións. Así, UGT seguirá defendendo, entre outras materias, unha lei de igualdade salarial, medidas para acabar contra todo tipo de violencia contra a muller (en todos os ámbitos, pero especialmente no laboral) reforzar a protección por desemprego, o Estado de Benestar, unha reforma fiscal integral, máis xusta e equitativa (isto implica o establecemento de novos impostos, como a Taxa Google ou a Taxa Tobin) a derogación do artigo 315.3 do Código penal, que criminaliza o dereito de folga e a derogación da Lei Mordaza, que segue limitando a protesta social.

En definitiva, o 2018 foi un ano de anuncios con algunha resolución nos últimos meses, pero 2019 ten que ser un ano no que finalmente se desmonten as políticas lesivas para os cidadáns. Debe ser un ano que permita un crecemento económico máis inclusivo, no que se reparta a riqueza e crese emprego de calidade e con salarios dignos.

UN ACORDO BO PARA OS AUTÓNOMOS E BO PARA O PAÍS

A Comisión Executiva Confederal de UGT apoia o acordo sobre autónomos, que presentou hoxe a ministra de Traballo Migracións e Seguridade Social, Magdalena Valerio xunto cos responsables das organizacións de autónomos UPTA, ATA, UA-TAE e CEAT, porque é bo para os autónomos e para o país. Nesta presentación participou o Secretario Xeral da Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos (UPTA-UGT), Eduardo Abad.

O sindicato denuncia que o sistema actual penaliza aos autónomos con baixos ingresos, mentres que favorece a aqueles con ingresos máis altos e valora este acordo, entre outras razóns, porque:

► Supoñerá que os autónomos coticen en función dos seus ingresos reais, terminando coa desigualdade anterior e mellorando a recadación e a sustentabilidade do sistema.

► Permitirá loitar contra as fraudes na contratación a través da figura do "falso autónomo".

► Establece un nivel de protección social nunca gozado polo colectivo de traballadores autónomos. É un gran paso na converxencia do marco pro-



tector para os 3.254.000 autónomos afiliados ao RETA.

UGT considera esencial que o novo sistema de cotización por ingresos reais dos traballadores autónomos responda os criterios de homogenización das cotizacións de forma graduada e maioritaria, que permita ao sistema mellorar a recadación e con iso a sustentabilidade deste.

O sindicato participará na formalización deste novo sistema contributivo, estará presente en todos os foros de diálogo que co-

rresponda e fará cumprir os preceptos legais necesarios para o seu correcto funcionamento.

Esta nova lexislación combate, ademais, a falsidade na contratación de traballadores por conta allea. O sistema terá que establecer mecanismos de control e sanción para aquelas empresas que utilicen a figura do autónomo TRADE de forma fraudulenta e incumpren a lexislación laboral, así como o disposto no capítulo III do Estatuto do Traballo Autónomo.

NOITEBOA REIVINDICATIVA DOS TRABALLADORES DA ORA DE VIGO BAIXO A ÁRBORE DE NADAL DA PORTA DO SOL

Redacción.- Os traballadores da ORA de Vigo, acompañados das súas familias e amigos, así como, de numerosos veciños que se achegaron, celebraron a noite de nadal baixo a árbore de luces da Porta do Sol.

Unha noite reivindicativa na que reclamaron unha solución xa á súa situación e a readmisión dos oito compañeiros despedidos.

Os traballadores instan ao Concello da cidade olívica a que se implique xa neste conflito e busque unha solución definitiva porque non se pode esquecer que se está a falar dunha concesión municipal e dun servizo público, non dunha actividade privada totalmente allea á xestión municipal.

O Concello non pode permitir que Domier acceda ao servizo nunhas determinadas condicións, reguladas baixo un pliego de condicións, e ás poucas semanas decida despedir a oito traballadores.



UNHA PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA QUE FAVOREZA ÁS PERSOAS MÁIS VULNERABLES

Redacción.- O 31 de decembro acaba o prazo para solicitar o bono social eléctrico con dereito a obter o bono térmico asociado. UGT considera que dita medida non chegou a todas as persoas e especialmente ás máis necesitadas, polo que reclama unha planificación enerxética que favoreza social e economicamente ás persoas e familias máis vulnerables, e que teña en conta a situación especial dos territorios rurais.

Unha planificación integrada que permita erradicar e previr situacións de pobreza enerxética. Que introduza medidas fiscais como a rebaixa do IVE das subministracións esenciais como son a electricidade, o gas, etc.

O sindicato lembra que nos meses de inverno é cando máis soben as enerxías e hai moitas persoas que non poden pagalo, polo que esixe ao Goberno que protexa

aos consumidores con menos recursos económicos e garántalles o seu dereito a unha enerxía accesible e alcanzable.

A subida do gas afecta principalmente os consumidores domésticos máis vulnerables, que optan por esta subministración en detrimento de outros máis caros como a enerxía eléctrica. Unha enerxía que non deixa de subir de maneira vertixinosa, facendo necesaria unha reforma en profundidade do mercado eléctrico para acabar co actual sobrepago ás empresas eléctricas.

Para UGT, as medidas en materia enerxética que aprobou o Consello de Ministros o pasado mes de outubro non solucionaron os problemas ás persoas e as familias en situación de pobreza, que non poden per-



mitirse o mantemento dunha temperatura adecuada na súa vivenda.

Neste sentido, o sindicato reclama un novo bono social que garanta o acceso de toda a poboación a unha subministración básica de enerxía (gas, electricidade, etc.), que defina claramente aos destinatarios do mesmo, con criterios baseados nos ingresos e o número de membros da familia, e que prohiba os cortes de enerxía.

UGT RECLAMA INCLUIR O EMPREGO NA ESTRATEXIA EUROPEA DE IA

Redacción.- O "Plan Coordinado sobre Intelixencia Artificial (IA)" elaborado pola Comisión Europea co obxectivo de apoiar o selo " IA fabricada en Europa" hurta da súa estratexia global un aspecto que UGT considera clave para o futuro como son os efectos que esta tecnoloxía terá sobre o volume e a calidade do emprego en toda Europa.

O Plan centra os seus esforzos en catro eixos: aumento do investimento en IA, o establecemento dun espazo de datos europeos, garantir unha IA

ética, e o fomento do talento sobre esta tecnoloxía. É dicir, centra toda a súa acción nos posibles beneficios que a IA comportaría, como a mellora da eficiencia dos negocios e na necesidade de crear novas titulacións acordes coas necesidades das empresas. A importancia destas cuestións non xustifica o esquecemento na consideración dos riscos. O plan coordinado omite, deliberadamente, a parte menos amable da Intelixencia Artificial.

Este esquecemento faise difícil de explicar e entender cando unha das máis

importantes direccións Xerais da Comisión - Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión- concluíu fai menos de seis meses que o 32% dos empregos actuais en España podería automatizarse completamente e un 30% podería facelo parcialmente. Isto supoñería que máis da metade dos actuais postos de traballo estarían afectados polo proceso de automatización na próxima década (case 12 millóns de empregos). Este estudo foi profundamente analizado na publicación "Impacto da automatización no emprego en España", editada por UGT en novembro de 2018.